

PROTEXER O TERRITORIO É PROTEXER A CULTURA E A IDENTIDADE

Belén Rodríguez

Dentro da campaña por unha ordenación territorial sostíbel "Ponte no medio. Móvete polo territorio", ADEGA organizou a xornada "Cultura e Territorio", xunto co patrocinio de Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Neste acto, que tivo lugar na capital luguesa, destacou o papel da tradición oral, da cultura e da arquitectura na planificación e deseño do territorio galego, así como instrumentos de creación da identidade propia que hai que protexer.

Na primeira das mesas-coloquio, dedicada a "tradición oral e territorio", interviron Xerardo Feijoo, fundador do proxecto educativo Ponte nas Ondas; Rafael Quintía e João Vieites, do Grupo de Estudos Etnográficos "Serpe Bicho-ca"; e o escritor e experto en mitoloxía popular, Antonio Reigosa. Todos eles retrataron a tradición oral como unha fonte documental de extraordinario valor sobre o territorio e un recurso de autodefensa do pobo e de reafirmación identitaria que hoxe en día está menosprezado e que non se contempla nos estudos de impacto. Neste camiño cara a protección dos valores inmateriais e da tradición oral asentados no territorio, explicou Rafael Quintía de Serpe Bicho-ca, "a sociedade civil debe ir por diante das administracións, a través da investigación, da denuncia e da posta en valor deste bens".

A relación entre a cultura galega e o territorio foi tratada na segunda mesa de debate polo filólogo de literatura medieval e estudoso dos camiños de Santiago, Ricardo Polín; o coordinador do Proxecto Terra, Xoán Manuel Rosales, e a autora de "Paisaxe e nación", María López Sánchez. Esta última animou a aproveitar o desfase existente entre a realidade territorial actual e o noso imaxinario paisaxístico para potenciar a sensibilidade colectiva na defensa do territorio e da paisaxe, é dicir, para fortalecer o sentimento ecolóxico, como fixeron figuras destacadas da literatura galega a partires do século XIX. "Describir o noso territorio é unha necesidade, un proceso de descolonización", dixo Sánchez, co que coincidiu Ricardo Polín quen chamou especialmente a atención de cronistas, escritores e educadores na tarefa da defensa do medio e na preservación do patrimonio material e, nomeadamente, inmaterial. Polín versou sobre a importancia de dotar de instru-



A última palestra da xornada, dedicada a Arquitectura e Territorio, contou coa intervención do galego Manuel Gallego Jorreto, Premio Nacional de Arquitectura.

mentos legais de protección os camiños históricos e de definir claramente o seu territorio histórico-cultural asociado. Pola súa banda, Xoán Manuel Rosales, describiu os recursos didácticos cos que conta o "Proxecto Terra" que, entre outros obxectivos, trata de crear conciencia entre os escolares sobre as diversas realidades territoriais que existen no país.

"A planificación urbanística das cidades non obedece a criterios racionais nen a demandas reais: sostense en meros cambios estéticos" [Manuel Gallego]

Na última palestra, titulada "Arquitectura e territorio" participaron recoñecidos arquitectos como o Premio Nacional de Arquitectura, Manuel Gallego Jorreto, a catedrática de proxectos na ETSAC, Pascuala Campos Michelena, e o coordinador do proxecto "A Cidade dos Barrios" da Coruña, promovido polo Colexio de Arquitectos de Galicia, Luciano G. Alfaya. Manuel Gallego aproveitou



para criticar a falla xeralizada de criterios racionais na planificación urbanística das cidades, que non obedecen a demandas reais e que se sosteñen en meros cambios estéticos: "o planeamento urbanístico e as normas poden ser elementos de degradación territorial se non conteñen sensibilidade, participación e racionalidade". Pascuala Campos tamén foi crítica coas tendencias de planificación actual, analizadas desde unha visión ecofeminista. E Alfaya referiuse á mudanza de enfoque que nos últimos anos sufriu a profesión cara a unha "arquitectura social ou de proximidade", na que o arquitecto está máis achegado aos cidadáns, coñece mellor as súas necesidades e costumes, ten en conta a complexidade dos barrios e introduce materiais locais.

A conferencia maxistral da xornada correu a cargo do politólogo galego e profesor titular de Ciencias Políticas e da Administración na Universidade Autónoma de Madrid, Carlos Taibo, sobre a "Teoría do decrecemento".

Transcrición da xornada no blog:
<https://pontenomedio.wordpress.com/page/2/>